

Programa de Acción Educativa “O Lixo desde o teu concello”



DON RECIKLÓN



Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza



Co obxectivo de fomentar a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos (os 3 Rs) a **Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza** ofrece gratuitamente diversas actividades de educación ambiental. Estas actividades están destinadas a persoas de tódalas idades que desexen participar no Programa “O lixo desde o teu concello”. Poderán participar asociacións veciñais, culturais, concellos, centros de ensino, etc.

As **actividades de educación ambiental** consisten en charlas e obradoiros (60-90 minutos), que se adaptan ás idades dos e das participantes.

Ademais tamén se poderán solicitar visitas guiadas ás instalacións da Planta de Compostaxe de Lousame.

Os obradoiros clasifícanse nos seguintes bloques:

1. RESIDUOS E CONSUMO

Actividade enfocada na relación entre a produción de residuos e unha cultura cada vez máis consumista. A actividade constará dunha pequena charla e diferentes alternativas de actividades: **A)** O xogo “a nosa compra” (resaltando importancia dun consumo moderado) **B)** Vídeo fórum sobre a temática do consumo e o lixo **C)** Obradoiro de bolsa reciclada a partir dunha camisola.



2. ANÁLISE DA BOLSA DO LIXO

Actividade consistente en analizar unha bolsa de lixo e ou seus compoñentes co obxectivo de amosar a porcentaxe de residuos domiciliarios diarios. A porcentaxe dos residuos permitirán tomar conciencia tanto da cantidade como da diversidade de residuos producidos e así incidir na súa redución e na separación axeitada.

3. SUBSTITUÍNDOS OS TÓXICOS NO FOGAR

Neste obradoiro aprenderemos a recoñecer produtos tóxicos e perigosos de uso cotián na casa, na escola ou no lugar de traballo, así como coñecer as alternativas existentes. Elaboraranse produtos caseiros substitutivos como limpadores multiusos, ambientadores, colonia, etc.

Con persoas adultas poderá realizarse tamén xabón, crema para os beizos, etc.



4. FABRICANDO COUSAS NOVAS CON RESIDUOS

Empregando residuos domésticos que as veciñas e veciños da Mancomunidade ían tirar ao lixo, elaboraranse obxectos útiles (ou xoguetes cos máis cativos), traballando así o segundo dos 3Rs: a reutilización. Recuperar esta práctica que se está a perder é o obxectivo deste obradoiro que busca amosar de xeito lúdico e sinxelo que os residuos poden ter unha segunda vida antes da reciclaxe.

5. CONSTRUCCIÓN DUN COMPOSTEIRO

Con este obradoiro preténdese implantar a compostaxe nas diferentes entidades participantes. Construírse un composteiro con material reciclado para xestionar os residuos orgánicos. Poderá realizarse nunha comunidade de veciños, nunha horta comunitaria, ou nun centro de ensino, etc.

Se se prefire poderán solicitarse composteiros prefabricados.





6. OBRADOIRO DE COMPOSTAXE

Este obradoiro está destinado para aquelas agrupacións ou centros que xa posúen un composteiro. Servirá para comprobar o correcto funcionamento do mesmo. Poderán realizarse diferentes actividades como comprobación de temperatura, humidade, presenza de impropios... Para os máis cativos tamén existen actividades específicas: patrulla de compostaxe, identificación de descompoñedores, do composteiro á horta...

7. RECICLAXE DE PAPEL: ELABORACIÓN

Cuns xornais vellos e auga, fabricaremos papel novo, demostrando que a reciclaxe é viable se todas e todos colaboramos e separamos axeitadamente os residuos. Ademais, neste taller incídese no aspecto ambiental da reciclaxe relacionando o feito de separar para reciclar cos bosques, a auga, a enerxía, os residuos industriais, etc.



8. RECICLAXE DE PAPEL: APLICACIÓN

Con este obradoiro complétase o obradoiro anterior. Cos papeis e cartóns realizados elaboraranse obxectos de todo tipo, ben suxeridos polos educadores/as ou ben os que se lle ocorran aos participantes. Tarxetas de parabéns, cadros, collage...



9. XOGOS DO LIXO

Actividade enfocada cara nenos e nenas. Trátanse os 3 Rs á vez mediante diferentes xogos onde se pretende que os rapaces pasen un momento agradable e aprendan ao mesmo tempo. Para iso xogarán cuns brinquedos feitos con material de refugallo participando na "Olimpiada do lixo" ou no "Xogo de separación".

10. ECOAUDITORÍA DE RESIDUOS

Actividade participativa co persoal do edificio. Poderá realizarse nunha biblioteca, nun concello, nunha casa cultural, ou nun centro de ensino. O obxectivo será mellorar a xestión dos residuos e diminuír a súa cantidade. Conta de tres fases principais con sinxelas actividades.



VISITA ÁS INSTALACIÓNS DA PLANTA DE LOUSAME

O programa "O lixo desde o teu Consello" permite tamén coñecer o tratamento do lixo máis de cerca grazas ás visitas guiadas na planta de Lousame. Calquera persoa ou entidade (asociacións, concellos, centros de ensino...) poderá coñecer a instalación e os diferentes tratamentos dos seus propios residuos.

Condicións para participar:

LEMBRA que neste programa poden participar todas as entidades (asociacións de veciños, culturais, amas de casa, centros de ensino, comunidades de montes, etc) dos Concellos da Mancomunidades do Barbanza que o desexen.

Solicitud de obradoiros:

Lucía Parente Romero
ADEGA
Travesa de Basquiños, 9 Baixo
15704 Santiago de Compostela

Teléfono e fax: 981 570 099
Móbil: 649 611 508
lucia@adega.gal

Solicitud de visitas á planta:

Marta Domínguez Domínguez
FCC S.A
Lugar da Poza, Servia
15212 Lousame—A Coruña

Teléfono e fax: 981 191 240
Móbil: 628 276 448
mldominguezd@fcc.es

